

En clase de 2º ESO estudamos o seguinte punto gramatical:

- Verbos « jouer à », « jouer de », « faire de ».
- Vocabulario dos deportes, actividades e instrumentos musicais.

OBXECTIVOS:

Obxectivos de ensino:

- Guiar a expresión escrita para que usen estruturas que xa coñecen, en particular os verbos “faire et jouer”, e as contraccións do artigo definido e as preposición “à e de”.
- Facer reflexionar sobre a formación dos artigos contractos en francés.
- Integrar estas competencias nunha tarefa individual escrita e oral, de comprensión e de expresión.

Obxectivos de aprendizaxe:

- Comunicar en francés para falar das súas actividades de tempo libre e deportivas.
- Facer individualmente e despois en grupo unha tarefa creativa que integre a lingua oral e a escrita, destinada a que se coñezan mellor entre eles.
- Comprender o funcionamento e usar correctamente os artigos contractos con “à e de”.

CONTIDOS:

- Escribir e falar das súas actividades de tempo libre (deportes, música ou outras actividades)
- Estruturas sintácticas: jouer au / à la / à l' / aux + deporte, faire du /de la / de l' / des + actividade, jouer du / de la / de l' / des + instrumento musical.
- Puntos gramaticais: presente de indicativo dos verbos “jouer e faire” e revisión dos artigos contractos (“au, aux, du, des”).

COMPETENCIAS:

CA, M, CL e SC.

TAREFA:

EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL GUIADA: Tarefa individual que consiste en construír frases curtas coa axuda do vocabulario dos deportes, música e outras actividades, contando cales son as súas actividades de tempo libre, a frecuencia coas que a realizan e que beneficios supoñen estas actividades nas súas vidas.

Non hai límite de palabras, cada un empregará a extensión que necesite.

Finalmente pasarán á expresión oral, lectura do texto, e tratarán de facerse entender polos seus compañeiros. Comprobarase a comprensión oral facendo preguntas.

Nesta tarefa integrada de grupo conseguiremos un mellor coñecemento dos membros da clase, unha maior confianza en si mesmos e a comprensión doutras formas de facer deporte, así como os beneficios persoais.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

Avaliación da expresión escrita e de gramática.

Avaliación da comprensión oral.

Avaliación da expresión oral.